

1.2 Mercado de traballo de Profesionais TIC

A información máis detallado sobre empresas e emprego no sector TIC atópase no documento de diagnóstico correspondente á “Caracterización do sector TIC”.

1.2.1 Volume de negocio e emprego

O volume de negocio das empresas galegas do sector TIC rolda os 900 millóns de euros, dous terzos dos cales están repartidos, a partes case iguais, entre as actividades de telecomunicacións e as informáticas. A distribución por subsectores é a que reflicte a seguinte gráfica; de xeito aínda máis acusado que para o volume de negocio, as telecomunicacións e as actividades informáticas supoñen o 75% do emprego.




Figura 7: Distribución do emprego por subsector.

Fonte. *Datos do IGE* ⁽⁷⁾

Estas cifras reflíctense en 8.000 postos de traballo que supoñen un escaso 0,7% da poboación ocupada, fronte ao 1,1% do Estado Español. Atópase, pois, cun un déficit de aproximadamente 4.000 empregos até un escenario de converxencia. Por outra banda o 90% das empresas teñen cinco ou menos empregados/as.




Figura 8: Distribución de empresas por número de empregados.

Fonte. *EGANET* ⁽⁸⁾

1.2.2 Características do emprego no sector TIC galego

O 40% do emprego no sector corresponde a titulados/as universitarios e o 20% a profesionais que realizaron estudos de Formación Profesional. Desde un punto de vista de xénero o 70% dos profesionais son homes, cifra que se eleva até o 90% se proveñen da FP. Igualmente a nivel directivo a distribución é similar, 83%-17%.

	Traballadores
Titulación TIC superior	20,56%
Titulación TIC media	18,39%
Ciclos formativos superiores no ámbito TIC	16,20%
Ciclos formativos medios no ámbito TIC	3,21%
Titulacións superiores ou medias non TIC	10,23%
Outras titulación ou sen titulacións	31,41%
Total	100,00%

Táboa 4: Distribución do emprego por titulacións na empresa TIC galega

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁹⁾

Se temos en conta a opinión das empresas TIC galegas, parece ser que lles resulta moi difícil atopar os perfís axeitados ás súas necesidades: máis do 70% considera que lle é difícil ou moi difícil atopar profesionais co perfil demandado.




Figura 9: Nivel de dificultade para atopar profesional con formación TIC

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁹⁾

As empresas TIC galegas avalían desigualmente o nivel de cualificación dos profesionais TIC formados no sistema educativo galego, como se reflicte na Figura 10. O 27,7% opinan que o nivel é moi bo ou bo, o 26,8% que é suficiente e o 25% que é insuficiente.




Figura 10: Percepción por parte das empresas TIC do nivel de cualificación dos profesionais TIC formados no sistema educativo galego

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* ⁽⁹⁾

É moi posible que a orixe desta desigual valoración esta no nivel de descoñecemento mutuo que, a xuízo das empresas, existe entre as compañías TIC e o sistema educativo. Así, a enquisa indica que para o 69,3% das empresas TIC, o nivel de coñecemento entre ambos ámbitos é insuficiente (49,5%) ou moi insuficiente (19,8%). Só o 3,3% das sociedades considera que este nivel de coñecemento é alto.